

QUEREMOS SOBERANÍA ALIMENTARIA, NON BIOCOMBUSTÍBEIS
CARTA ABERTA AO PARLAMENTO EUROPEU, A COMISIÓN EUROPEA, OS
GOBERNOS E A CIDADANÍA DA UNIÓN EUROPEA, XANEIRO DE 2007

Nós, as organizacións abaixo asinantes expresamos perante o Parlamento Europeo, a Comisión Europea, os gobernos e cidadanía de Unión Europea, a nosa profunda preocupación polas políticas que probabelmente serán adoptadas para favorecer o uso e importación de biocombustíbeis como alternativa aos combustíbeis fóséis, cuxo uso desproporcionado é unha das principais causas do queentamento global.

O crescente uso de automóbeis individuais e o seu consumo asociado de combustible como unha das principais causas do queentamento global, fai que o uso de combustíbeis fóséis medre día a día. Neste contexto, o uso de biocombustíbeis podería parecer ser unha alternativa positiva. Con todo, todo semilla indicar que isto xerará serios impactos negativos, especialmente nos pobos do Sul.

De feito, é mui improbable que Europa acade a autosuficiencia na produción de biocombustíbeis apartir da produción nacional de cultivos energéticos e xa que logo é mui posible que isto sexa feito a expensas de terras das que depende a soberanía alimentaria dos nosos países.

Mentres @s europeus/as manteñen o seu modo de vida baseado na cultura do automóvil, a poboación dos países do Sul terá cada vez menos terra para cultivos alimentarios e perderá a súa soberanía alimentaria. Teremos que basear a nosa dieta en alimentos importados, posiblemente de Europa.

Noutros casos, os cultivos enerxéticos medrarán en América Latina, así como nos países de Asia e África, a expensas dos nosos ecosistemas naturais. Prevese que a soia será unha das principais fontes de produción de biodiesel, pero é un feito que os monocultivos de soia son unha das principais causas de destrución da selva chuviosa en Argentina, da selva chuviosa amazónica en Brasil e Bolivia e da mata atlántica en Brasil e Paraguai.

Os territorios indíxenas tamén foron afectados. Os indíxenas Enwene Nawe no Mato Grosso declararon “a soia estanos a matar”. Neste momento, apenas sobreviven 429 Enawene Nawe. O seu territorio foi reducido á metade do seu tamaño e están rodead@s de plantacións de soia. A súa saúde está a empiorar e @s nen@s sofren de desnutrición.

A fin de servir o negocio da soia, os gobernos dos países do Sul están a construír enconos, acuedutos, pontes e autoestradas cos conseguintes impactos negativos sobre o ambiente. Ao tempo, a expansión dos cultivos de soia está a afectar á saúde das poboacións dos arredores, onde os niveis de cancro e outras enfermidades asociadas aos químicos agrotóxicos usados nestes monocultivos aumentan día a día.

As plantacións de cana de azúcar e a produción de etanol en Brasil son o negocio dun monopolio agrícola que usa traballo escravo, e as plantacións de palma de aceite están a se expandir a expensas de bosques e territorios indíxenas e outras comunidades tradicionais de Colombia, Ecuador e outros países, crescentemente relacionados coa produción de biodiesel.

A situación é aínda máis seria se consideramos que os cultivos de soia nos países do Sul xeneticamente modificados e as compañías privadas en Brasil están a planear lanzar variedades xeneticamente modificadas de cana de azúcar ao mercado en 2010. O rexeitamento dos cultivos xeneticamente modificados en Latinoamérica está estendido, e a expansión dos cultivos para producir e exportar biocombustíbeis a Europa só exacerba estes conflitos.

O problema do cambio climático xerado polos países no Norte non pode ser resolto creando novos problemas na nosa rexión. Apelamos xa que logo aos gobernos e pobos dos países da Unión Europea para procurar solucións que non empioeren a xa dramática situación social e ambiental dos pobos de Latinoamérica, Asia e África.

É O MOMENTO DA SOBERANÍA ALIMENTARIA

A TERRA DEBE SER USADA PARA ALIMENTAR Á XENTE, NON AOS COCHES

Rede Alerta Contra o Deserto Verde, Red Contra los Monocultivos de Árboles, RALLT (Red por una América Latina Libre de Trasmógenos), Oilwatch-América do Sul e Movimiento Mundial por los Bosques Tropicales